

Lei 12/1985, do 3 de outubro, de crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 462, 7.9.1985.

Emendas, BOPG núm. 468, do 18.9.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 472, do 24.9.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 473, do 25.9.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 129, do 2.10.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 476, do 4.10.1985.

Diario Oficial de Galicia núm. 192, do 5.10.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 257, do 26.10.1985.

Lei 12/1985, do 3 de outubro, de crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia

A Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, establece que os poderes da Comunidade Autónoma poderán realizar campaña institucional orientada exclusivamente a fomentar a participación dos electores, poñerán á disposición da administración electoral os medios persoais e materiais necesarios para o exercicio das súas funcións e asegurarán a disponibilidad das papeletas e mais dos sobres de votación.

Así mesmo, a referida Lei sinala que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais que realicen os partidos, coalicións, federacións e agrupacións que concorran a aquelas e prevé a concesión de anticipos de tal subvención para os que obtiveron representantes nas últimas eleccións celebradas.

Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1985 carecen dos créditos oportunos para atende-las obrigas que se derivan das citadas previsións normativas, polo que, ante a inminente celebración das eleccións, se fai precisa a teor do disposto no artigo 47 da Lei de Galicia 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e

Financeira Pública de Galicia, a concesión dun crédito extraordinario que permita afrontar os gastos institucionais e electorais que garanticen un desenvolvemento axeitado do proceso electoral que terá lugar.

Por outra parte, a concesión deste crédito extraordinario non debe supoñer un incremento do gasto público autonómico, polo que a súa financiación terá que realizarse mediante aforro presupostario que se levará a cabo efectuando as oportunas anulacións ou baixas nos créditos do presuposto de gastos vixente.

Por todo o cal, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Crédito extraordinario para atende-los gastos das Eleccións ó Parlamento de Galicia.

Artigo 1

Para atende-las obrigas institucionais que se deriven da celebración das eleccións ó Parlamento de Galicia en 1985, concédese un crédito extraordinario ó presupos-

to de gastos vixente da Comunidade Autónoma polo importe total de 486.237.005 pesetas; a súa especificación recóllese no anexo desta Lei.

Artigo 2

Para financiar este crédito extraordinario daranse de baixa ou anularanse créditos non comprometidos do presuposto da Comunidade Autónoma para 1985, atendendo ós seguintes criterios:

a) As referidas baixas ou anulacións practicaranse nos créditos presupostarios correspondentes a operacións correntes. Só no caso de que estes resultasen insuficientes poderán ser minorados os créditos destinados a operacións de capital.

b) Non poderán minorarse ou anularse créditos que corresponda financiar mediante subvencións dos presupostos xerais do Estado non integrantes do custo efectivo dos servizos traspasados, mediante dotacións do Fondo de Compensación Interterritorial ou mediante a emisión de Débeda Pública da Comunidade Autónoma.

Artigo 3

As baixas ou anulacións de créditos que sexan necesarias para financiar os créditos concedidos á sección 04, «Consellería da Presidencia», serán acordadas polo Consello da Xunta a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, con suficiente anterioridade á data de iniciación da campaña electoral, e informarase delas ó Parlamento.

Disposición derradeira

Autorízase á Xunta para dictar as disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta Lei.

Esta Lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

(1)

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.